



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Beatriz Sestayo Doce e José Manuel Lage Tuñas, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esta Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión**:

Unha parte relevante da ría de Ferrol aparece clasificada como zona de produción C na relación e clasificación das zonas de produción segundo a normativa vixente.

A devandita catalogación ten como consecuencia importantes restricións para o sector marisqueiro dada a imposibilidade de que os moluscos bivalvos procedentes destas zonas poidan ir directamente para consumo en fresco, feito que orixinou unha fonda preocupación na xente do mar de Ferrol, e protestas airadas na comarca de Ferrol.

Ante a preocupación do sector marisqueiro de Ferrol, e da súa poboación en xeral, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

- 1.^a) Cáles son as causas da problemática xerada en Ferrol e cá é a situación actual?
- 2.^a) Qué xestións ten feito a Consellería de Pesca e Asuntos marítimos para solventar o problema e cales son as liñas alternativas ofrecidas ao sector marisqueiro en Ferrol?

Pazo do Parlamento, 20 de setembro de 2006

Asdo.: Beatriz Sestayo Doce
José Manuel Lage Tuñas
Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia



Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:
Beatriz Sestayo Doce na data 21/09/2006 10:59:11
José Manuel Lage Tuñas na data 21/09/2006
11:04:40

Partido dos
Socialistas
de Galicia
